

# "A miña literatura bebe da fonte da vida e das vivencias"

**AL PASO**  
**MEDOS ROMERO**  
 Poetisa, enfermeira de Sornos (1959), é enfermeira no Hospital Arquitecto Marade da Coruña, desde hai pouco, escriitora. Publica dous libros de poemas, "Revolución no tempo" (1995), "Amor en por min" (1999) e "O peso da carga" (2000). A editorial Xerais incluína no seu volume "Na realidade, que abre a colección Abismos, e vén de publicar na mesma colección "Dubido se matei a Lena", un libro de relatos breves, pero non por iso menos intensos. "O igual que a miña poesía ten unha forte carga emotiva", di a autora. Motivos principais nestes contos son a angustia e a sexualidade, pois "as mulleres da miña xeración fomos moi marcadas pola educación paternalista e relixiosa, con grandes tabúes", engade Medos Romero.



Medos Romero asinando un exemplar do seu último libro "Dubido se matei a Lena"

Entrevista MARIA ARES SANMARTIN

**L**iteratura e enfermería non teñen, en principio, nada que ver. Sen embargo, Medos Romero conxuga as dúas facetas con éxito en ambos campos e nutre a súa obra coa súa experiencia e vivencias directas da condición humana no hospital onde traballa. Vive de perto a realidade dos sentimentos: a emoción, a dor, a angustia..., que desenvolve logo na súa escrita. Na súa opinión, a literatura está chea de licenciados en filoxía e xente relacionada co ensino, mentres que hai poucas enfermeiras que se adiquen ás letras.

● **¿Que lle impulsou a escribir?**

Eu levaba moitos anos dándolle voltas. Estiven relacionada co teatro e co mundo da canción, pois sempre tiveren certa sensibilidade para algunhas cousas relacionadas co mundo da arte, pero cando intentei escribir non fun ca-

paz. Cando empecei foi como se a literatura me elixise a min, non eu a ela. Eu non me sentei a dicir: "vou escribir un libro de poemas"; non foi así. Ocreu que estaba de baixa e empezo a escribir e comezan a saír, como se tirase dun fío, moitos poemas e vivencias. Tampouco quero dicir que sexa casual, porque ten moito que ver coa miña madurez persoal a outros niveis da vida. Non se escribe por casualidade, senón que che dan volta unha serie de feitos que algún día maduran e, con maior ou menor talento, es capaz de comunicar. Os dous primeiros poemarios saíron sen gran esforzo; saen dun lugar inconsciente ou máxico.

● **¿Resultoulle difícil publicar o primeiro libro?**

Eu fágome cargo de que é difícil, incluso para xente coñecida. O ano pasado estiven de xurado no premio "Uxío Novoneyra" e hai moitísima xente escribindo e unha parte importante faino moi ben. A verdade é que tiven sorte, a Medos Romero non a coñecía ningúen e envielle os libros a Fernán-Vello, da editorial Espiral Maior, e el deume a

oportunidade de publicar, igual pasou con "Dubido se matei a Lena". Estou moi contenta porque escribir me enche moito e fai que me realice como persoa e como muller.

● **¿Cales son os temas que lle atraen á hora de escribir?**

A terra e a muller. A primeira pola relación coas miñas vivencias intensas, moi profundas e moi de conexión coa natureza, algo que me marcou. Cousas moi importantes que eran en si poesía e logo saíron reflectidas. A terra está presente porque eu son unha muller que me criei no rural. O tema da muller porque irremediamente eu son unha muller e teño que falar de cousas de mulleres.

● **E non só fala senón que asume un compromiso.**

Compromiso no sentido de reivindicación por suposto, sobre todo en "Dubido...", aínda que tamén na poesía aparece a dificultade, a adolescencia, o feito de ser muller...

● **¿A reivindicación do rural contrasta coa sociedade cada vez máis urbanizada que vivimos?**

**■ "A REINVIDICACIÓN DO RURAL RESPONDE A UN PROCESO NEURÓTICO DE TER VIVENCIADO SER DO CAMPO. ERA UNHA CONNOTACIÓN DE NON SER NINGUÉN, SER UN ALDEÁN, UN DESPREZO, E A MIÑA XERACIÓN MOVEUSE A CABALO ENTRE O ODIO E O AMOR POLO QUE ERAN AS NOSAS RAÍCES, E O QUE FAGO É SITUAR ISO NO SEU LUGAR, DÁNDOME CONTA DE QUE É O FIN DUNHA FILOSOFÍA DE VIDA"**

Eu necesitaba volver ás raíces e darlle o seu valor. Responde a un proceso neurótico de ter vivenciado ser do rural. Era unha connotación de non ser ningún, ser un aldeán, un desprezo, e a miña xeración moveuse a cabalo entre o odio e o amor polo que eran as nosas raíces, e o que fago é situar iso no seu lugar, dándome conta de que con isto estou facendo o fin dun canto como filosofía da vida apegada á terra. Hoxe as clases máis pudentes queren vivir no campo, no relax, fóra do estrés, e iso non ten nada que ver co país ó que eu pertencín e que morreu; unha sabiduría popular e un xeito de vivir propio, ese país que eu canto como un territorio perdido.

● **¿Séntese deudora dalgún autor en concreto?**

Non, non ten que ver con iso, é a motivación de eu achegarme á literatura, incluso eu era moi pouco lectora de poesía. Son enfermeira e tampouco estaba apegada ó mundo das letras. Supoño que moitos autores cantamos as vivencias do rural dun xeito determinado. Poden asociarme a Noriega Varela ou a Uxío Novoneyra, pero eu non teño nada que ver con iso. A miña escrita, sobre todo a poesía, bebe da fonte da vida, de cousas vivenciadas que logo plasmo, independentemente de que se poida parecer a uns ou a outros autores. Non podo dicir que me influíron porque non é certo.

● **¿Que libros non recomendaría de cara a estas datas?**

Gústome moito o de María Xosé Queizán. "Ten o seu punto a fresca rosa", está moi ben escrito. Recomendo tamén "O corazón portugués" de Ramón Loureiro, a poética dos novos autores: Olga Novo, Rafa Villar... e calquera de José Luis Sampedro, é moi interesante todo o que fai.

**■ "NON SE ESCRIBE POR CASUALIDADE, SENÓN QUE CHE DAN VOLTA UNHA SERIE DE FEITOS QUE ALGÚN DÍA MADURAN E, CON MAÍOR OU MENOR TALENTO, ES CAPAZ DE COMUNICAR. OS DOUS PRIMEIROS POEMARIOS SAÍRON SEN GRAN ESFORZO"**